




Area / Unidade RR.HH PE0000 SLR	Documento 10818I09UQ	
Código de verificación  1Q0K 3H0I 5N1T 2H5G 061B	Expediente 108/2023/1784	
	Data 18-09-2024	

ANUNCIO EN RELACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS FÍSICAS E PRÁCTICAS DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DE 8 PRAZAS DE BOMBEIROS/AS, POLA QUENDA LIBRE, SUBGRUPO C1, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (BOP núm. 212, do 7/11/2023)

En sesión que tivo lugar o día 11/09/2024, o tribunal nomeado por Resolución, de data do 29/08/2024, do Concelleiro delegado de Economía e Planificación Estratéxica, para cualificar o proceso selectivo convocado para a cobertura de 8 prazas de bombeiro/a, da escala de administración especial (subgrupo C1), pola quenda libre (BOP núm. 171, do 5/09/2024)

ACORDOU:

Primeiro.- Gravar a realización das probas comprendidas no primeiro exercicio - probas físicas (Anexo I) e no terceiro exercicio - probas prácticas (Anexo III) do proceso selectivo, coa finalidade de xustificar a avaliación realizada polo tribunal e valer como medio de proba para o exercicio dos dereitos das persoas aspirantes. Esta gravación está lexitimada pola concorrencia dun interese público no acceso ao emprego público coas garantías de cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Segundo.- Informar a todas as persoas admitidas ao proceso selectivo da gravación sinalada no punto primeiro deste anuncio en cumprimento do deber de información establecido no Regulamento xeral de protección de datos. O tratamento de datos realizarase nos termos establecidos no modelo de solicitude de admisión a probas selectivas do Concello de Coruña asinado por todas as persoas aspirantes.

A secretaria do tribunal
Susana Liñares Rey